


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

11-12 de xaneiro do 2025

BAUTISMO DE XESÚS



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

CANTO ♪ n° 1 (65) *Imos compañeiros imos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a fe en comunidade desfrutando da presenza de Xesús no medio de nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Rematamos hoxe o tempo do Nadal celebrando o Bautismo de Xesús. No evanxeo cóntasenos que El, no medio de outra moita xente, chega ao río Xordán para ser bautizado por Xoán Bautista, e Deus Pai vaino recoñecer como seu Fillo benquerido.

Na lectura do libro dos Feitos dos Apóstolos Pedro vai mostrar a súa experiencia con Xesús e nos di que pasou facendo o ben e curando todo mal, porque Deus estaba con El.

Pero non é só o bautismo de Xesús, hoxe tamén lembramos o noso, e por iso sentímonos todos fillos benqueridos do mesmo Pai. E todos temos por diante o camiño de pasar facendo o ben como Xesús dando unha man a quen se sinta oprimido por calquera mal.

Da man de Xesús, seguindo as súas pegadas, medremos, e con nós medrará a vida de todos.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

CANTO 🎵 n° 2 (66) *Gloria ao Señor nas alturas*

(No caso de non cantar o gloria facemos esta oración)

Monitor/a: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle cos pobres e cos pequenos
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a:
Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior, e sexamos agradecidos coas persoas que asumiron á súa responsabilidade para que nós fóramos bautizados.*

(silenzio)

Celebrante: Deus, Noso Pai,
cheo de tenrura e misericordia,
cando Xesús foi bautizado no río Xordán,
Ti proclamáchelo o teu fillo benquerido.
Concédenos a nós,
os teus fillos adoptivos polo bautismo,
sermos merecentes sempre do teu amor.
Pedímoscho por Xesucristo que vive e reina
por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:
Facemos agora un pequeno xesto. Ao longo dos pasados días do Nadal acompañounos Xesús pousado nas nosas mans, agora imos retirar do Belén o neno Xesús porque dende xa achegámonos a un Xesús adulto. Hoxe atopámolo no seu bautizo de adulto no río Xordán. (Retiramos do Belén a imaxe do neno Xesús)

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Daquela tomou Pedro a palabra e dixo:

- Abofé, vexo que Deus non fai distinción de persoas, senón que acepta ao que lle é fiel e practica a xustiza, sexa da nación que sexa. El mandoulle a súa palabra aos fillos de Israel, anunciándolle a Boa Nova da paz por Xesús Cristo: este é o Señor de todos. Vós sabedes o que pasou en toda a Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a todos os que estaban asoballados polo mal; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeos.

Palabra do Señor

🎵 n° 41 *Quen nos vai separar de Ti?* SALMO

Leccionario I C páx 53 Lc 3, 15-16.21-22 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Daquela como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos:

- Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desatar os amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume.

Durante un bautismo xeral, e despois de se bautizar tamén Xesús, mentres oraba, abriuse o ceo e baixou sobre el o Espírito Santo na aparencia corporal dunha pomba. Entón oíuse unha voz desde o ceo:

- Ti es o meu fillo benquerido, o meu predilecto; en ti me comprazo.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



O apóstolo Pedro ten moi claro que el **MEDROU NA FE SEGUINDO AS PEGADAS DE XESÚS.**

Lembrar hoxe aquel día no río Xordán é darnos conta da responsabilidade que temos coma crentes de seguir nós as pegadas de Xesús. Non somos simples espectadores.

Estes días do Nadal servíronnos para darnos conta de que Xesús se pousa nas nosas mans, e así Deus achégase a nós todo canto pode.

Agora acompañanos xa un Xesús adulto, e queremos camiñar da súa man porque El é exemplo, como exemplo temos que ser nós hoxe, se queremos ser cribles. As nosas palabras e feitos teñen que deixar pegada, e déixana cando pasamos por esta vida facendo o ben e coidando de quen necesita de nós.

Fagamos de todo o ano un Bo Nadal



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial no que lembramos o bautismo de Xesús, e co que rematamos os días do Nadal, renovamos as nosas promesas bautismais querendo ser coherentes na fe na que nos axudaron a medrar os nosos pais. Dicimos:

♪ ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
creador do ceo e máis da terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
o seu fillo benquerido,
que naceu de María, viviu nesta terra,
deu a vida e resucitou de entre os mortos?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
na Igrexa, na comunión dos santos,
no perdón dos pecados e na vida eterna?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Celebrante: Esta é a nosa fe, esta é a fe da Igrexa que nos alegamos de confesar en Xesucristo noso Señor. Amén.

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Oremos agora a Deus Pai, que no bautismo nos reconece coma fillos amados seus. Oremos dicindo:

GRAZAS POLO TEU FILLO, SEÑOR

Monitor/a

✓ Por todos os bautizados en Cristo, para que pasemos coma El facendo o ben e coidando de todos e de todo. Oremos

✓ Polas nais e pais cristiáns para que ao presentaren os seus fillos para o bautismo, sexan conscientes da súa responsabilidade de ser e dar bo exemplo. Oremos

✓ Polos nenos e nenas desta parroquia para que atopen cariño e ledicia, para que medren sendo ilusión e esperanza nesta nosa comunidade. Oremos

✓ Por nós, reunidos nesta celebración na que lembramos o bautismo de Xesús, para que medremos da súa man, deixando atrás o Nadal e atrevéndonos a ser adultos sendo e dando exemplo de evanxeo. Oremos

✓ Por todas as persoas que necesitan refacer as súas vidas, que nós saibamos facer ben á súa beira. Oremos

Celebrante: Escoita Pai as oracións dos que a Ti acudimos e fai que camiñemos sempre coma fillos teus, crentes e cribles, da man de Xesucristo, noso Señor. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Deus Pai ofrécenos ao seu Fillo Xesús para que o escoitemos, e Xesús convídanos a que nos achegemos a Deus e nos sintamos nas súas mans de Pai, por iso agora coma bautizados en Cristo rezamos como El nos aprendeu

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: As nosas mans abertas e tendidas uns para os outros expresan a nosa vontade de ser coherentes nos feitos. Fomos bautizados con Cristo para sermos irmáns, e sómolo agora facendo crible entre nós os camiños da paz. Non deixemos de facelo ben. Deámonos a paz.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: *Hoxe, como igrexa, seguímonos reunindo para compartir a ledicia de ter xa a Xesús no medio de nós, non xa coma neno de Nadal senón como adulto bautizado que cos seus feitos vai deixando pegada.*

Ditosos nós que hoxe somos convidados a ser crentes e cribles participando deste pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

CANTO 55  **No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, seguros da túa bondade pedímosche que acollendo con fe a palabra do teu fillo, tamén nós merezamos, polo bautismo, chamarnos fillos teus e sérmolo de verdade nas nosas palabras e feitos de xustiza e paz que nos fan crentes e cribles e cos que queremos facer mellor as cousas.

Pedímoscho a Ti que vives e reinas con nós por sempre eternamente. Amén

Xesús no Bautismo é o Fillo benquerido do Pai.

Nós non somos espectadores, participamos do seu bautismo collendo a súa man e seguindo o seu exemplo.

As pegadas de Xesús son pasar pola vida facendo o ben e loitando polos que son oprimidos polo mal: os refuxiados, os sen voz ante a inxustiza, as vítimas de abusos e violencia, os pobos que só soñan con vivir en paz, os enfermos ... e todos os que non están tendo unha vida digna como persoas.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que acertemos a refacer vida
tendo un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.*

Podémonos ir en paz. Amén

Este debuxo familiar acompaña o papel de solicitude de bautismo cando os pais manifestan o seu compromiso de ser e dar exemplo de fe aos seus fillos.

